

Andrés Gaos (1874-1959)

Jorge Briones Martínez e Javier Ares Espiño,
piano

Aires galegos, op. 22 *

- I Moderato
- II Tempo di berceuse
- III Allegro
- IV Lento
- V Allegretto
- VI Andante
- VII Moderato
- VIII Presto
- IX Andante

Novos aires galegos, op. 36 *

- I Andante
- II Tempo di berceuse
- III Allegro Molto
- IV Allegretto
- V Allegro

- Tango
- Romanza
- Preludio op. 16
- Paisaje

* Edición crítica: Joám Trillo

Presentación:

Javier Garbayo, Universidade de Santiago de Compostela

Ano
Gaos
2019



Patrocina:



Organiza:



Colaboran:



Ano
Gaos
2019



Música para Piano de
ANDRÉS GAOS
(1874-1959)

Aires galegos, op. 22
e Novos aires galegos, op. 36

Jorge Briones Martínez
e Javier Ares Espiño
piano

Venres, 22 de novembro, 20:30 h
Salón de actos da Casa Dopeso · As Pontes

Martes, 26 de novembro, 19:30 h
Auditorio do Conservatorio Superior de Música · A Coruña

Xoves, 28 de novembro, 20:00 h
Aula de Cultura Xulio Cuns · Betanzos



Andrés Gaos Berea naceu na Coruña o 21 de marzo de 1874, onde o seu tío e padriño, Canuto Berea Rodríguez, rexentaba un prestixioso almacén de música que forneceu durante moitos anos instrumentos, materiais e partituras a toda Galicia, chegando a abrir sucursais noutras capitais. Precisamente a familia Gaos se muda a

Vigo en 1880 para facerse cargo da nova sucursal. Formado o pequeno Andrés musicalmente en Vigo e a Coruña acabará trasladándose a cursar estudos superiores de violín a Madrid e a Bruselas con bolsas da Deputación da Coruña. Tras xiras por toda Europa e América, onde contrae matrimonio coa gran violinista América Montenegro, acabará asentándose en Buenos Aires desde onde, ademais da súa dedicación como docente, realiza xiras internacionais con notable éxito. Tras breves etapas residindo en Francia, tras o seu segundo matrimonio con Luisa Guillochón, acabará instalándose definitivamente na capital bonaerense. A vida musical de Andrés Gaos repartíraa entre a actividade de concertista, compositiva e docente, chegando a ser considerado como un dos representantes de maior prestixio da escola nacionalista arxentina, xunto con Alberto Williams, López Buchardo ou Julián Aguirre, entre outros, ata o punto de ser elixido para representar a Arxentina, como director de repertorio, na Exposición internacional de París de 1937.

O seu catálogo, con máis de 70 obras, abarca música para a escena, orquestral, música de cámara co violín como protagonista, para canto e piano, así como unha interesante serie de composicións para piano só, instrumento que chegou a tocar con gran perfección. Andrés Gaos é, sen dúbida, un dos grandes compositores galegos do pa-

sado século cun tratamento post-romántico de temas propios ou tomados da música popular galega, española ou arxentina; ou ben con ecos de autores da escola francesa de fins do XIX; destacando a súa gran habilidade para reflectir unha “patria” como homenaxe aos países onde viviu e traballo.

Menos coñecido o perfil como pianista de Andrés Gaos, non podemos esquecer que non só era gran intérprete senón tamén experto arreglista, tanto no piano acompañante das súas magníficas cancións, ou das súas pezas para piano. Nesta ocasión, AGADIC e Dous Acordes, coa transcripción e revisión de Joam Trillo e a introdución de Javier Garbayo, editan unha das obras referenciais do músico coruñés: Aires Galegos Op. 22 e Novos Aires Galegos Op. 36. A primeira parte foi publicada en Buenos Aires en 1905, dedicada a Julián Aguirre, recibiu boas críticas: unha obra interesantísima, en palabras de Tomás Bretón; en todo caso, sete pezas moi transparentes, escasamente modulantes e de contido esencialmente popular. De feito, afirma J. Garbayo, puidéronse seguir a pista dalgunhas melodías en famosos autores do Rexurdimento, como Montes ou Veiga, ou algunha outra tomada do Cancioneiro de Incenga.

Os Novos Aires Galegos supoñen unha suite de cinco pezas publicada pola revista Música de Madrid en 1917, aínda que é seguro que foi escrita uns anos antes, quizá cara a 1914, pois neste ano figura o seu rexistro na Biblioteca Nacional Arxentina. Reeditouse en Buenos Aires en 1920, escoitándose aquel mesmo ano en concerto da Sociedade Nacional de Música; aparecendo tamén en Barcelona, en 1929, dentro da revista musical O Bufón. Sen dúbida, esta segunda parte, composta de cinco números, segue o trazado galeguista da primeira, pero aínda que se repite a procura de repertorio popular, “é maior a estilización e o aire académico que logra”, usando as palabras de Garbayo; seguen aparecendo recordos dos grandes músicos galegos do XIX pero agora tratados de maneira máis persoal e estilizada.



Jorge Briones Martínez e Javier Ares Espiño

Jorge Briones Martínez e Javier Ares Espiño son dous pianistas galegos cunha traxectoria similar. Ambos comezaron a súa formación musical no Conservatorio Superior de Música da Coruña coa profesora Natalia Lamas, completando os seus estudos pianísticos cós profesores Alexander Kandelaki e Nino Kereselidze. Tras traballar durante varios anos en distintos conservatorios da comunidade estremeña, no caso de Briones, e no Conservatorio Superior de Vigo, no caso de Ares, dende 2008 imparten clase de piano e de piano acompañante no Conservatorio Superior de Música da Coruña. Recentemente ambos ingresaron no corpo de Catedráticos de Música e Artes Escénicas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais da súa faceta como solistas, destaca a intensa actividade de ambos en diversas agrupacións camerísticas. Neste eido é salientable o traballo que realizan como Dúo Scaramouche (piano a 4 mans e 2 pianos). Dende o ano 2006 percorreron numerosos festivais en diversos auditorios, e realizaron múltiples estreos de compositores galegos contemporáneos que foron rexistradas por Radio Galega.